



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

17 de Marzo de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:11

Hora de Finalización

10:19

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 24.02.2025 (ACTA 2025/5)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 5 DE MARZO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2025 (TR351G)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 5 de marzo de 2025**, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (**Aprol Rural**); así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o **proxecto da obra ou servizo** para a que se solicita subvención, a saber: **Contratación de catro peóns forestais para "Brigada de limpeza forestais"**. E como queira que o concello non conta con convenio colectivo propio, aprobar a seguinte táboa retributiva para os traballadores a contratar con esta subvención:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZ SS	OCUPAC.	CNAE 2009	CUSTO UNITARIO MENSUAL	CUSTOS TOTAIS
-----------	----------------	---------	-----------	------------------------	---------------





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZ SS	OCUPAC.	CNAE 2009	SALAR. BRUTO	% COTA PATR. SS	COTA PATR. SS	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURA. CTTO. MESES	TIPO XORN. %	CUSTOS SALAR. TOTAIS
4	10	PEÓN FOREST.	8411D	1.381,33	35,37 %	488,58	1.869,91	9 M	100 %	67.316,76
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.381,33		488,58	1.869,91			67.316,76

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data **5 de marzo de 2025**, o **financiamento do 100%** dos gastos salariais totais correspondentes para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

TERCEIRO. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, así como o compromiso de financiar o importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista; manifestando expresamente que existe financiamento suficiente para dotar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería.

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

3º. PRESENTACION DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO ANO 2025. SOLCITUDE DE FINANCIAMENTO A CONSELLERIA COMPETENTE

A continuación o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes do **Decreto 99/2012**, do 16 de marzo, (modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, no que se determina o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicio **2024**, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicio **2025**.

Seguidamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presente, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade ó abeiro do Decreto 148/2014, as seguintes **axudas**, para o exercicio **2025**:

CONCEPTO	IMPORTE
Axuda no fogar - Prestación básica (Deputación Ourense)	10.144,09
Axuda no fogar - Dependencia (Xunta)	264.240,00





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ao Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que poida ser concedida.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo á devandita Consellería.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

